

**ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE PAIS DE
ALUMNOS DO COLEXIO P.P.FRANCISCANOS DE LUGO**

TITULO I.- NATUREZA E FINS

Art. 1.- Constitúese no Concelo de Lugo, unha Asociación denominada "Asociación de Pais de alumnos do Colexio PP. Franciscanos" que se rexerá pola vixente Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación e demais lexislación existente en materia de Asociacións que lle sexa aplicable, dentro do marco da Constitución e do resto do ordenamento xurídico. A Asociación ten plena capacidade xurídica e rexerase polo establecido nos presentes estatutos e as disposicións vixentes.

Art. 2.- A Asociación de Pais de Alumnos do Centro PP Franciscanos de Lugo ó amparo do principio de liberdade relixiosa, constitúese como Asociación Católica e como tal asume e promove a Doutrina da Igrexa.

Art. 3.- A Asociación estende o seu ámbito territorial á provincia de Lugo e a súa duración será indefinida.

Art. 4.- O domicilio social da Asociación establécese na cidade de Lugo, na Praza Maior, nº 26.

Art. 5.- A Asociación non ten fins lucrativos nin está sometida a ningún réxime asociativo específico.

Art. 6.- A Asociación obrígase a conquista-los seguintes fins:
1º) Promove-la formación integral dos alumnos do Centro en colaboración e coordinación con tódolos demais membros da comunidade educativa.

2º) Colaborar co Centro en orde a un mellor cumprimento dos seus fins.

3º) Defende-los dereitos da familia, en concreto o dereito dos pais no concernente á formación e educación dos fillos.

4º) Cooperar co resto da comunidade educativa para a súa transformación nunha auténtica comunidade cristián.

5º) Fomentar e procura-la formación dos asociados en orde ó cumprimento da súa misión de pais e educadores.

6º) Promove-la cooperación, axuda e asistencia social entre tódolos membros da comunidade educativa.

7º) Promove-la participación dos pais dos alumnos na xestión do Centro.

8º) Asisti-los pais dos alumnos no exercicio do seu dereito a

intervir no control do Centro.

9º) Facilita-la representación e a participación dos pais dos alumnos no Consello Escolar do Centro.

Art. 7.- O ideario educativo do Colexio que informa dos fins da Asociación, será respectado e aceptado por esta.

Art. 8.- Para a consecución dos fins da Asociación realizará actividades de tipo cultural, recreativo, deportivo e formativo que considere pertinentes.

TITULO II.- OS SOCIOS

Art. 9.- Poderán ser socios da Asociación de Pais de Alumnos do Centro PP Franciscanos de Lugo, os pais e titores dos alumnos do Colexio. Tamén poderán ser socios as persoas xurídicas, legalmente constituídas, sexan públicas ou privadas que de algunha maneira teñan interese en servi-los fins da mesma e sexan admitidos pola Xunta Directiva.

Art. 10.- Os socios teñen dereito a:

- a) Participar e beneficiarse das actividades e servizos que organice a Asociación, con arreglo ás normas que se establezan.
- b) Ser informado sobre a marcha da Asociación.
- c) Asistir con voz e voto ás reunións da Asemblea Xeral.
- d) Elixir e ser elixido membro dos restantes órganos de goberno.
- e) Solicitar ós órganos de goberno da Asociación o exercicio das accións que se consideren necesarias para defende-los intereses dos asociados.

Art. 11.- Os socios teñen a obriga de:

- a) Cooperar na consecución dos fins da Asociación e na realización das actividades e servizos que esta organice.
- b) Cumprilo sinalado nos Estatutos e os acordos lexitimamente adoptados polos órganos de goberno da Asociación.
- c) Satisfacer as cotas e derramas fixadas pola Asemblea Xeral.

Art. 12.- A calidade de socio numerario perderase:

- a) Cando os fillos ou pupilos deixen de estar matriculados no Centro.
 - b) Por incumprimento das obrigas contidas nos presentes Estatutos, ou os acordos da Asemblea Xeral, ou a propia Xunta Directiva.
 - c) Por falta inxustificada do abono dunha cota, derrama e demais contribucións establecidas en Asemblea Xeral.
 - d) A solicitude do interesado, dirixida ó Presidente da Asociación.
- A Xunta Directiva poderá separar ou expulsar da Asociación a aqueles asociados que os fagan indignos de seguir pertencendo á mesma, así como adoptar calquera outra medida disciplinaria contra aqueles. A separación ou expulsión, así como calquera outra medida disciplinaria adoptada, será precedida de expediente

no que deberá ser oído o interesado, o cal será informado dos feitos que dean lugar a tales medidas, debendo ser motivado o acordo que, no seu caso, imponha a sanción. Este acordo en todo caso deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral e conta á súa resolución poderase recorrer perante a xurisdicción ordinaria.

TITULO III.- ÓRGANOS DE GOBERNO

Art. 13.-

- 1.- Os órganos de goberno da Asociación son colexiados e unipersoais
- 2.- Son órganos colexiados: A Asemblea Xeral e a Xunta Directiva.
- 3.- Son órganos unipersoais: O Presidente, o Vicepresidente, o Secretario, o Vicesecretario, o Tesoureiro, o Vicesesoreiro, e os Vocais Delegados das Comisións.
- 4.- O desempeño dos cargos nos órganos de goberno da Asociación serán, en todo caso, a título gratuito.

Art. 14.- A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno da Asociación

Art. 15.-

- 1.- A Asemblea Xeral pode ser Ordinaria e Extraordinaria.
- 2.- A Asemblea Xeral Ordinaria reunirase na segunda quincena do mes de outubro do curso escolar na que se someterá a proposta para a súa aprobación as contas do exercicio anterior, o presuposto económico para o exercicio en curso, fixación da cota, aproba-la renovación da Xunta Directiva, se houbera lugar, o sometemento para a súa aprobación das actividades para o próximo curso e calquera outro asunto da orde do día coas limitacións do número seguinte. Os acordos tomaranse por maioría dos votos dos asociados presentes.
- 3.- A Asemblea Xeral Extraordinaria reunirase previa convocatoria do Presidente a solicitude de 1/3 da Xunta Directiva ou 1/4 de asociados. Serán competencia exclusiva da Asemblea Xeral Extraordinaria a alleamento de bens, a modificación dos Estatutos, a disolución da Asociación e a integración ou exclusión de outros organismos, asociacións ou federacións de análogos fins. Os acordos tomaranse do mesmo xeito que na Asemblea Ordinaria agás a modificación dos Estatutos, a alleamento de bens ou a disolución da Asociación que se adoptarán polo voto favorable dos 2/3 dos socios presentes.
- 4.- A Asemblea Xeral haberá de ser convocada por escrito con quince

días naturais de antelación, acompañándose copia da orde do día.

5.- A Asemblea Xeral quedará validamente constituída en primeira convocatoria cando concorran a ela a maioría dos asociados, e en segunda convocatoria calquera que sexa o número de concorrentes.

6.- Os efectos de votación, os pais ou titores, terán un só voto, independentemente do número de fillos matriculados no Centro.

Art. 16.-

1.- A Xunta Directiva é o órgano rector da Asociación, e estará integrada polo Presidente, Vicepresidente, Secretario, Vicesecretario, Tesoureiro, Vicetesoureiro e catro Vocais. Podrán asistir as reunións da Xunta Directiva con voz e sin voto o Director do Centro e un representante dos señores profesores elixido entre os mesmos.

A súa actuación axustarase ás directrices emanadas da Asemblea Xeral, que a elixe por un período de catro anos, renovándose por metades cada dous, podendo ser reelixidos.

2.- Reunirase a convocatoria do Presidente, a propia instancia ou a solicitude de 1/3 dos membros da mesma. A convocatoria farase con cinco días de antelación e acompañada da orde do día.

3.- A Xunta Directiva quedará validamente constituída cando concorran a metade máis un dos membros que a integran. Os acordos adoptaranse por maioría. No caso de empate de votos o do Presidente será decisorio. A asistencia ás xuntanzas da Xunta Directiva haberá de ser persoal. A falta do Presidente ou Vicepresidente, presidirá as xuntanzas e por este orde, o Secretario; o Vicesecretario; o Tesoureiro e o Vicetesoureiro.

4.- Os membros da Xunta Directiva non percibirán retribución polo cargo desempeñado.

Art. 17.- Corresponde á Xunta Directiva:

1.- Executa-los acordos da Asemblea Xeral.

2.- Dirixir e administra-la Asociación.

3.- Elixir por maioría absoluta de entre os seus membros, ó Presidente, Vicepresidente, Secretario, Vicesecretario, Tesoureiro e Vicetesoureiro. Cando a Xunta Directiva sexa renovada en máis de 1/2 dos seus membros, os cargos antes citados someteranse a elección novamente de entre tódolos membros que a compoñen.

4.- Determina-las comisións para o desenvolvemento das actividades da asociación e nomea-los encargados das mesmas.

5.- Cumprir e facer cumprir-los presentes Estatutos.

6.- Nomear e cesar ó persoal contratado e ós profesionais necesarios

para o mantemento dos servicios da Asociación. A Xunta directiva ostentará a xefatura de persoal.

7.- Cubri-las vacantes que se produzan na Xunta Directiva durante o curso, que se fará do seguinte xeito:

Se nas eleccións para cubrir vacantes da Xunta Directiva celebradas na derradeira Asemblea, houbera máis candidatos que vacantes a cubrir, propoñeráselle por rigoroso orde de votos obtidos, de maior a menor, ós candidatos que non resultaron elixidos. No caso de que ningún destes aceptara ou non houbera candidatos non elixidos, faráselle a proposta a calquera asociado que decida a Xunta Directiva por maioría simple. Os asociados que foran nomeados deste xeito terán que ser ratificados ou elixidos na próxima Asemblea.

8.-Nomea-la Comisión Permanente que alomenos estará formada polo Presidente, Secretario e Tesoureiro.

9.-O funcionamento interno da Xunta Directiva, Comisión Permanente e demais comisións serán elaborados polos propios organismos e aprobados pola Xunta Directiva.

Art. 18.- O Presidente terá as seguintes competencias:

- 1.-Ostenta-la representación legal da Asociación e actuar no seu nome diante de toda clase de persoas, autoridades, órganos, organismos e xurisdicións e diante da Dirección do Centro.
- 2.- Convoca e preside as reunións da Asemblea Xeral e Xunta Directiva
- 3.- Coordina-la actuación do tódolos membros da Xunta Directiva.
- 4.- Con autorización da Xunta Directiva subscribe contratos a nome da Asociación, outorga poderes a terceiros, comparece en xuízo e presta confesión en xuízo, en nome e representación da Asociación, e confire poderes a procuradores e nomea avogados en caso de que sexa necesario, interpón reclamacións e recursos en vía administrativa e na contenciosa de todo tipo; acepta doazóns e legados.

Art. 19.- Corresponde ó Vicepresidente:

- 1.- Substituír ó Presidente en caso de enfermidade ou ausencia en tóldalas funcións a el encomendadas.
- 2.- Exercitar cantas competencias delegara en el expresamente o Presidente.

Art. 20.- Corresponde ó Secretario:

- 1.- Velar porque a actuación da Asociación se axuste ó establecido no ordenamento xurídico.
- 2.- Levanta-las actas da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva.
- 3.- Convocar por orde do Presidente a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva.
- 4.- Custodiar e organiza-la documentación da Asociación.
- 5.- Expedir certificacións das actas e dos acordos tomados polos

órganos de goberno e representación co visto e prace do Presidente.

Art. 21.- Corresponde ó Vicesecretario:

- 1.- Substituír ó Secretario en caso de enfermidade ou de ausencia, en tódalas funcións a el encomendadas.
- 2.- Exercitar cantas competencias delegara en el expresamente o Secretario.

Art. 22.- Corresponde ó Tesoureiro:

- 1.- Organiza-la administración da Asociación.
- 2.- Realiza-los pagos e intervelos.
- 3.- Leva-la contabilidade da asociación.
- 4.- Asinar toda clase de documentos de pago mancomunadamente co Presidente ou con calquera outro membro da Xunta Directiva que teña sinatura autorizada.

Art. 23.- Corresponde ó Viceteseoureiro:

- 1.- Substituír ó Tesoureiro en caso de enfermidade ou de ausencia, en tódalas funcións a el encomendadas.
- 2.- Exercitar cantas competencias delegara en el expresamente o Tesoureiro.

TITULO IV.- RÉXIME ECONÓMICO E DA DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Art. 24.- A Asociación carece de Patrimonio e o seu presuposto será o que se determine a principios de curso pola Asemblea Xeral.

Art. 25.- A data de peche do exercicio económico será a de 31 de Agosto, e as contas serán aprobadas anualmente, pola Asemblea Xeral seguinte a esta data. Deberán ser previamente postas a disposición dos asociados durante un prazo non inferior ós 15 días ó sinalado para a celebración da Asemblea Xeral.

Art. 26.- Os recursos económicos da Asociación serán:

As cotas periódicas que acorde a Asemblea Xeral.

As cotas extraordinarias que propoña a Xunta Directiva e sexan aprobadas pola Asemblea.

Os produtos dos bens e dereitos que lle correspondan, así como as subvencións, legados, doazóns que poda percibir en forma legal.

Os ingresos que obteña a Asociación mediante o exercicio de actividades económicas lícitas que acorde realiza-la Xunta Directiva.

Art. 27.- A Asociación disolverase por vontade dos socios, por

sentencia xudicial firme ou polos motivos establecidos legalmente.

Art. 28.- A disolución por vontade dos socios axustarase ó determinado no artigo 15.3 dos presentes Estatutos.

Art. 29.- Acordada a disolución a Asemblea Xeral Extraordinaria nomeará a tres socios que se constituirán en Comisión Liquidadora que saldará o activo e o pasivo da Asociación.

Art. 30.- No caso de disolución, os bens e dereitos da Asociación transmitiránse a calquer entidade de análogos fins , e o arquivo entregarase ó Colexio PP. FRANCISCANOS de Lugo.

Lugo, Outubro de dous mil tres.